

# NOME CIENTÍFICO

*Fraxinus excelsior*

## Descrición:

Árbore de folla caduca que pode acadar de 12 a 18 metros. O seu tronco, de cor gris pálido, pode ter ata 2 metros de diámetro e a súa copa é alta e estreita. Non moi lonxeva, raramente superan os 250 anos.



156

**As súas follas** son compostas con folíolos dispostos ao redor do eixo central e de forma lanceolada.

**Familia:** Oleaceae

**Orixe:** Europa continental

**Nome común:** Freixo



157



159



158

**As súas flores** se agrupan en inflorescencias denominadas panículas (o pedúnculo de cada unha vai diminuindo en tamaño).

**Os seu froito** é unha sámara (tipo de froito seco no que a semente presenta unha á membranosa para facilitar a súa dispersión).

# *Fraxinus excelsior*

## *Hábitat*

A súa área de distribución é ampla ao longo de Europa, dende o norte de España ata Rusia. Prefire solos húmidos pero ben drenados, preferiblemente calcarias. Presenta unha alta tolerancia ao frío polo que pode habitar lugares ata os 1800 metros de altitude.

## *Usos ou propiedades*

En Galicia utilizouse tradicionalmente a súa madeira para a construción de carros e apeiros de labranza debido a súa flexibilidade e robustez. As súas varas son empregadas en cestería. En medicina tradicional as follas eran consumidas en infusión polas súas propiedades laxantes. A cortiza era empregada para baixar a febre e como expectorante.

## *Categoría IUCN*

Non avaliada (NE)

## *Curiosidades*

A abundancia de freixos en Galicia deu lugar a unha grande cantidade de topónimos derivados por toda a nosa xeografía como: freixido, a freixa, freixende...  
Importante na mitoloxía xermánica. No século XIII falábase dun freixo mitolóxico denominado Yggdrasil situado no centro do mundo.